

O QUE PASABA EN 1994

NO MUNDO:



Tropas da OTAN realizan en Bosnia a súa primeira intervención militar.

Graves enfrontamentos étnicos entre hutus e tutsis orixinan un xenocidio en Ruanda.

Nelson Mandela gaña as eleccións e convértese no primeiro presidente negro de Suráfrica.

Máis de 2.000 campesiños rebélanse no estado mexicano de Chiapas.

O IRA anuncia un alto o fogo en Irlanda do Norte.

O exército ruso invade a república caucásica de Chechenia.

Estados Unidos invade Haití e repón no poder ao presidente Aristide.

Yaser Arafat pisa chan palestino despois de 27 anos de ausencia.

Inaugúrase o Eurotúnel que une Gran Bretaña co continente europeo baixo o Canal da Manga.

Brasil gaña o seu cuarto Mundial de fútbol.

EN GALICIA:



Inauguración do Centro Galego de Arte Contemporánea en Santiago.

UG intégrase no BNG co que fica unha soa forza nacionalista.

Plano para facer máis eficaz o sistema produtivo galego(Feder) da U.E. 1994-1999.

Xavier Seoane publica o libro de poemas "Eu tamén oín as voces do orballo".

O día das letras é adicado a Luis Seoane.

EN ESPAÑA:




Os acusados dos GAL inculpan ao Goberno do PSOE como organizador.

Os principais sindicatos convocan unha folga xeral.

Tres importantes financeiros, Mariano Rubio, Mario Conde e Javier de la Rosa, son enviados á cadea.

Luis Roldán, director da Garda Civil, foxe de España para eludir a acción da xustiza.

EN ELVIÑA:



Curso 94-95

Nova Xunta Directiva:
Directora: Celsa Formoso Martínez, Vicedirectora Ángeles Franqueira Gómez,
Xefe de Estudos: José M^a Peteiro Cartelle, continúan nos seus postos Carmen Viruet e J. Ricardo Martín.

Por primeira e única vez

realízase un calendario do I.B. de actividades extraescolares.

Desenvólvese unha campaña de información de sexualidade para adolescentes, en colaboración co Centro Municipal Xuvenil.

A partir deste curso e ata os nosos días, o I.B. Elviña conta cun Punto de Información Xuvenil que serve de referente para todo o alumnado

Conferencia de D. Javier Ozores con motivo do Día da Paz, falando sobre a Unicef.

O escritor Xavier Alcalá tamén veu falar da súa obra ao alumnado de 3º.

Os alumnos de 3º de BUP acudiron a un concerto de Amancio Prada no Pazo de Congressos

Os alumnos de 2º e 3º asistiron á representación de "Venenos", de Luis Pisón, no Centro Calvo Sotelo. Tamén contemplaron "Asemblea de mulleres", de Aristófanes.

Alumnos do noso centro participan na selección de obras do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente. Cean co escritor Mario Vargas Llosa no restaurante Carretas en Santiago.

Xubíbase o profesor D. Manuel Domínguez Patiño o 22 de Xuño de 1.995.

A Educación Medioambiental desenvolveuse baixo o lema "¿Qué facer co lixo?". Tamén se plantou unha camelia, coincidindo coa despedida de COU.

